

Joseph M. Piel¹

RAMÓN LORENZO

O pasado 28 de maio morreu na cidade alemana de Tréveris Joseph M. Piel, a quen tantos traballos lle debemos sobre o galego e o portugués. Piel naceu en Mörchingen (Lorena) o 8 de xuño de 1903, vivindo máis tarde na cidade de Tréveris, onde fixo o Bacharelato (1913-1922). A súa carreira universitaria realizouna nas Universidades de Friburgo, Berlín e Bonn, estudiando Historia da Arte (co Prof. Clemen), Filoloxía Xermánica (co indoxermanista Theodor Frings) e, especialmente, Filoloxía Románica. En Bonn tivo ocasión de estudar varios anos con Wilhelm Meyer-Lübke, aprendendo del as máis rigorosas técnicas filolóxicas e o hábito do estudio dos textos medievais, da antroponimia, da etimoloxía e da dialectoloxía. Con el fixo a tese de doutoramento sobre un dialecto galorrománico (*Die Mundart von Courtisols bei Châlons s. M.* Diss. Bonn, 1929).

Posuidor dunha sólida formación, sempre lle pareceu esencial a recolleita de todas aquelas particularidades que lle podían clarificar os problemas estudados. Por iso desde un principio foi recollendo datos de tódalas fontes históricas e lingüísticas que tiña á man, xuntando desta maneira ó longo dos anos unha enorme cantidade de materiais que forman a base dos seus numerosísimos traballos.

Piel entrou axiña en contacto co mundo portugués, pois xa ós 23 anos chegou a Portugal, á cidade de Coímbra, sendo nomeado pouco despois profesor axudante da Facultade de Letras da Universidade. Alí exerceu a docencia durante longos anos, conseguindo en 1938 o cargo de catedrático numerario. En 1951, como mostra de agradecemento polo seu labor docente e científico, a Universidade concedeulle o título de *Dr. Honoris*

¹ Véxanse os artigos que lle dediquei en *Verba* 7, 1980, 7-11, e en *A trabe de ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, tomo III, ano III, núm. 11, 1992, 459-466. Cf. tamén Wolf-Dieter Lange, "Joseph M. Piel", *Anuario de Estudios Medievales* 6, 1969, 641-650.

Causa. En 1953 foi nomeado catedrático de Filoloxía Románica da Universidade de Colonia. Nesta cidade alemana permaneceu en activo deica o ano 1968, en que se xubilou, volvendo despois a Portugal para ocupar un posto de Catedrático Extraordinario de Filoloxía Portuguesa na Facultade de Letras da Universidade de Lisboa (1973-1979), adicándose ó mesmo tempo a varios proxectos de investigación. No semestre de inverno de 1978-1979 aceptou o posto de Profesor Extraordinario da Universidade de Tréveris e no ano 1979 concedéronlle o título de Catedrático Honorario nesta Universidade. Un ano despois foi nomeado *Dr. Honoris Causa* pola Universidade de Santiago.

Os últimos anos da súa vida pasounos entre Tréveris e Lisboa, vivindo unha parte do ano na cidade onde discorreu a súa nenez e outra na capital portuguesa. Precisamente en Lisboa recibiu a última homenaxe en 1988, por mor dos seus 85 anos, cunha cerimonia na Facultade de Letras (que o fixo *Dr. Honoris Causa*) e outra na *Academia das Ciéncias de Lisboa*, da que era membro correspondente. Tamén foi membro correspondente da *Academia Portuguesa da História* e da *Real Academia Galega*.

Durante os seus máis de 50 anos de vida académica, Piel adicouse intensamente á investigación e fixo numerosos viaxes a outros países para asistir a Congresos Internacionais (de Toponimia, Ciencias Onomásticas, Lexicografía, Estudos Luso-Brasileiros, Historia Medieval, Estudos Clásicos e Filoloxía Románica) ou para dar conferencias, contándose entre os lugares que visitou a cidade de Santiago, para falar na Facultade de Filoloxía sobre problemas de filoloxía galega. No ano 1953 tamén estivo un semestre como profesor convidado na Universidade de Bahía e outro semestre na de Brasília.

Desde que comezou a publicar traballos de investigación, Piel realizou un inxente labor científico, sendo máis de 250 o número de publicacións, entre libros, artigos, colaboracións en Misceláneas ou en Homenaxes e recensións. Curiosamente, a maior parte destes traballos están publicados en revistas ou en libros de homenaxe a outros autores e poucas veces se decidiu a publica-lo resultado das súas investigacións en libros, pois mesmo algúns dos traballos que saíron como libros apareceron primeiramente en revistas científicas e despois como separatas. Piel sempre foi partidario de contribuír ó estudio lingüístico-filolóxico a base de pequenas contribucións.

O contacto permanente co Oeste da Península fixo que axiña se preocupase pola investigación lingüística daquela zona, comezando a súa longa serie de traballos con estudos sobre problemas lingüísticos e etimolóxicos do portugués e do galego. Así, interesáronlle os problemas fonéticos e morfolóxicos, estudando o vocalismo do mirandés (*Biblos* 6, 1930, 187-190), a evolución dos grupos consonánticos con “l” no (galego)-portugués e castelán (*Biblos* 7, 1931, 512-521), a vocalización do “l” (*Biblos* 8, 1932, 95-101), a metafonía (*Biblos* 18, 1942, 365-371), a formación dos substantivos abstractos (*Biblos* 16, 1940, 209-237), a flexión verbal (*Biblos* 20, 1944, 359-404; en *Estudos*, pp. 213-244) e a formación dos nomes de lugares e de instrumentos (*Boletim de Filologia* 7, 1940, 31-47; en *Estudos*, pp. 201-212).

Tamén comezou cedo a súa preocupación pola etimoloxía (o primeiro traballo está en *Biblos* 6, 1930, 191-194), escribindo varios artigos nos que examinaba e ampliaba o *Romanisches etymologisches Wörterbuch* de Meyer-Lübke (*Biblos* 8, 1932, 379-392; 9, 1933, 244-262; 10, 1934, 124-140). Desde entón non perdeu o interese por este tema e a el adicou unha boa parte da súa actividade, tratando de busca-la orixe de moitas palabras portuguesas e galegas: traballos publicados en *Biblos* 16, 1940, 666-671; 18, 1942, 283-288; 20, 1944, 121-130; 21, 1945, 489-499; *Brasília* 1, 1942, 57-61; *Humanitas* 1, 1947, 122-129; *Revista Portuguesa de Filologia* 1, 1947, 448-462; 5, 1952, 233-244; *BF* 10, 1949, 320-333; *Revista de Portugal. Série A. Língua Portuguesa* 14, 1949, 84-85, 129-132, 153-156, 246-249, 361-366; 15, 1950, 10-14, 45-47, 130-134, 161-166, 230-232; 16, 1951, 8-16, 113-117, 165-168, 215-218, 309-312; 17, 1952, 17-22, 41-45; *Anales del Instituto de Lingüística* 4, 1950, 228-236. Moitos destes artigos foron despois recollidos na súa *Miscelânea de etimologia portuguesa e galega*, Coimbra, 1953, un volume de XII + 392 páxinas.

Despois desta data seguiu a publicar artigos de investigación etimolóxica, mais de 30, nos que está sempre presente a preocupación polo galego e polo portugués. Lembrémo-lo seu estudio sobre características xerais e fontes do léxico galego (*Actes du Xe Congrès Int. de Ling. et Phil. Romanes*, vol. 3, Paris, 1965, 1261-1267; en *Estudos*, pp. 17-22) e os seus traballos sobre palabras galegas en *Romanica. Festschrift für G. Rohlfs*, Halle, 1958, 362-371; en *Etymologica. W. von Wartburg zum siebzigsten Geburtstag*, Tübingen, 1958, 543-551; en *Wort und Text. Festschrift für Fritz Schalk*, Frankfurt, 1963, 83-100; nos *Mélanges de linguistique romane et de philologie médiévale offerts à M. Delboulle*, 1, Gembloux, 1964, 463-467; nos *Estudos Filológicos em homenagem a S. da Silva Neto*, Rio de Janeiro, 1967, 149-154; en *Serta Romanica. Festschrift für G. Rohlfs zum 75. Geburtstag*, Tübingen, 1968, 171-174; en *Verba* 3, 1976, 5-9; 5, 1978, 5-11; 6, 1979, 341-344 (en *Estudos*, pp. 191-194); no *Homenaje a V. García de Diego* (en *RDTP* 32, 1976, 461-466); en *Philologica Hispaniensia in honorem M. Alvar*, vol. 1, Madrid, 1983, 531-535; en *Grial* 24, nº 93, 1986, 365; tamén a serie publicada nos *Aufsätze zur portugiesischen Kulturgeschichte* 8, 1968, 151-163; 9, 1969, 97-109; 10, 1970, 249-260; 11, 1971, 188-200; 12, 1972-1973, 89-100; 15, 1978, 130-149. Engadámo-lo estudio dedicado a unha antiga latinidade vulgar galaica reflectida no léxico común e toponímico de Entre-Douro-e-Minho e Galicia (*RPF* 17, 1975-1976, 387-395; en *Estudos*, pp. 55-60), ou o que fixo sobre a lexitimidade do concepto de latinidade vulgar galaica (na *Primera Reunión Gallega de Estudios Clásicos*, Santiago, 1981, 253-258) e os artigos publicados en *Ibérica* 1, 1959, 63-68; *Miscelânea Filológica dedicada a Mons. A. Griera*, t. II, San Cugat del Vallés, 1960, 181-187; *Rom. Forsch.* 72, 1960, 449-455; 73, 1961, 136-140; 74, 1962, 117-118; 76, 1964, 426-429; *RPF* 13, 1964-1965, 347-348; 14, 1966-1968, 1-12 (en *Estudos*, pp. 115-122); 18, 1980-1986, 41-48; *ZRPh* 82, 1966, 355-358; 102, 1986, 491-492; *Anuario de Estudios Medievales* 6, 1969, 435-439 (en *Estudos*, pp. 195-199); *Revista Portuguesa de História* 13, 1971, 425-430 (*Homenagem ao Doutor Paulo Merêa*; en *Estudos*, pp. 185-189); 17, 1978, 19-24 (*Homenagem ao Doutor Torquato*

de Sousa Soares); *Revista da Faculdade de Letras de Lisboa*, IVª série, nº 1, 1976-1977, 247-252; *Actas das I^{as} Jornadas Luso-Espanholas de História Medieval*, Lisboa, 1972, 775-781 (en *Estudos*, pp. 23-28); *Festschrift Kurt Baldinger zum 60. Geburtstag*, Tübingen, 1979, 667-672; *From Linguistics to Literatur. Romance Studies offered to Francis M. Rogers*, Amsterdam, 1981, 79-83; *Revista Lusitana* N. S. 1, 1981, 99-108; 2, 1981, 5-15; 5, 1984-1985, 157-160; *Actas do Congresso sobre a situação actual da língua portuguesa no mundo. Lisboa - 1983*. Vol. II, Lisboa, 1987, 409-412. Lémbrese tamén o artigo sobre o prov. ant. *digastendons, digastendonz* (*Verba et Vocabula. Ernst Gamillscheg zum 80. Geburtstag*, München, 1968, 405-409) e as consideracións sobre o proxecto non realizado dun novo REW (*Colloques Internationaux du CNRS. Sciences Humaines: Lexicologie et Lexicographie Françaises et Romanes* (Strasbourg, 12-16 Novembre 1957), Paris, 1960, 221-239).

Por outra banda, en 1933 comezou a publicar unha serie de artigos sobre un tema que lle deu verdadeira fama. Trátase do estudio do elemento xermánico na toponimia galego-portuguesa (e tamén na do resto da Península). Os primeiros publicounos no *Boletim de Filologia* 2, 1933-1934, 105-140, 224-240, 289-314; 3, 1934-1935, 37-53, 218-242, 367-394; 4, 1936-1937, 24-56, 307-322; 5, 1938, 35-57, 277-288; 6, 1939-1940, 65-86, 329-350; 7, 1944, 357-385 (como separata: *Os nomes germánicos na toponímia portuguesa*. Vol. I, *Adões-Novegilde*, Lisboa, 1936; vol. II, *Oldões-Zendo*, 1945). Despois seguiu completando o tema con novos traballos de antroponimia, como *O património visigodo da língua portuguesa*, Coimbra, Publicações do Instituto Alemão da Universidade, 1942; o herdo lingüístico visigodo en España e Portugal (*Deutsche Kultur im Leben der Völker* 18, München, 1943, 171-188), algúns nomes de persoa luso-visigodos derivados de nomes de animais (*Revista de Guimarães* 63, 1953, 145-150), os nomes visigodos de propietarios na toponimia galega (*Homenaje a F. Krüger*, 2, Mendoza, 1954, 247-268), florecemento e decadencia dos nomes de persoa hispano-visigodos (*Quatrième Congrès Int. de Sciences Onomastiques*, vol. II, *Actes et Mémoires*, Lund, 1954, 408-420), a formación dos nomes de muller medievais hispano-visogodos (*Estudios dedicados a Menéndez Pidal*, vol. VI, Madrid, 1956, 111-150), o problema das relacións entre os suebos e os visigodos (*Festschrift zur Hundertjahresfeier Deutscher Verein*, Lissabon, 1971, 48-53), a toponimia galego-visogoda (*Sprache und Geschichte. Festschrift für H. Meier*, München, 1971, 373-401) ou os vestixios da onomástica persoal visigoda medieval na toponimia menor das terras de Bragança (*Biblos* 51, 1975, 529-546 = *Miscelânea em honra de Paulo Quintela*), ata chegar á publicación do seu maxis-tral *Hispano-gotisches Namenbuch. Der Niederschlag des Westgotischen in den alten und heutigen Personen- und Ortsnamen der Iberischen Halbinsel*, Heidelberg, 1976, en colaboración con Dieter Kremer (cf. xa *Beiträge zur Namenforschung* 3, 1968, 213-240). Neste libro Piel-Kremer presentan un estudio completo de tódolos nomes de orixe xermánica e Piel inclúe unha ampla introducción, na que fai referencia ó proceso histórico da xermanización, especialmente no NO. Nesta faceta o profesor alemán era considerado un grande mestre e por esta razón xa lle encomendaran a redacción dos capítulos de “Antroponimia germánica” e de

“Toponimia germánica” da *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, vol. I, Madrid, 1960, 421-444, 531-560, respectivamente (en *Estudos*, pp. 129-147, 149-172). Aínda que no *Hispanogotisches Namenbuch* poida haber interpretacións discutibles, desde a súa publicación este libro converteuse en obra de consulta obrigada para todos aqueles que queiran informarse sobre os nomes de orixe xermánica na Península.

Piel esforzouse por interpretar axeitadamente os nomes actuais e os antigos, aproveitando os materiais conservados nos documentos medievais, e non se conformou só cos nomes de lugar ou de persoa de orixe xermánica, senón que estendeu tamén as súas investigacións ós que teñen orixe no latín. Así foron aparecendo unha boa morea de artigos ou libros, como os que dedicou ós topónimos galego-portugueses de orixe latina (*Volkstum und Kultur der Romanen* 10, 1937, 42-64), ós nomes de lugar referentes ó relevo e ó aspecto xeral do solo (*RPF* I, 1947, 153-198), ós *Nomes de “possessores” latino-cristãos na toponímia asturo-galego-portuguesa* (*Biblos* 23, 1947, 143-202, 283-407; separata: Coimbra, 1948), ás augas na toponimia galego-portuguesa (*BF* 8, 1947, 305-342), a *Os nomes dos santos tradicionais hispánicos na toponímia peninsular* (*Biblos* 25, 1949, 287-353; 26, 1950, 281-314; separata: Coimbra, 1950), ós derivados de *salicetum* e *salicarius* (*RPF* 3, 1949-1950, 86-89), a topónimos peninsulares (*RPF* 4, 1951, 196-227; *Archivum* 4, 1954, 74-80 = *Miscelánea filológica en memoria de Amado Alonso*), portugueses (*BF* 14, 1953, 156-159) e galegos (*RPF* 6, 1953-1955, 51-72), ós nomes da *quercus* na toponimia peninsular (*RPF* 4, 1951, 310-341, 474-476), ós nomes dos santos primitivos de orixe hispánica na toponimia da Pen. Ibérica (*3^e Congrès Int. de Toponymie et d’Anthroponymie.*, vol. 3, *Actes et Mémoires*, Louvain, 1951, 680-687), a *bustum*, *pascua*, *veranea*, *hibernacula* e termos análogos na toponimia do NO (*Rom. Forsch.* 64, 1952, 241-262; *BIEA* 21, 1954, 25-49; en *Estudos*, pp. 81-93), ó interese lingüístico, histórico e psicolóxico dos nomes étnico-xeográficos e os alcumes colectivos (*Biblos* 31, 1956, 19 pp.), a algúns antroponímicos galegos (*Homaxe a Ramón Otero Pedrayo*, Vigo, 1958, 61-65), ós caracteres xerais da toponimia das illas portuguesas do Atlántico (*Actas do III Colóquio Int. de Estudos Luso-Brasileiros*, vol. I, Lisboa, 1959, 249-257), a *Aureus* na toponimia hispana (*Estudis Romànics* 8, 1961 [1966], 135-137 = *Estudis de llatí medieval i de filologia romànica dedicats a la memòria de Lluís Nicolau d’Olwer*. Vol. I), ós topónimos do concello galego de Fonsagrada (*Homenaje a Dámaso Alonso*, t. 2, Madrid, 1961, 599-608), ó lat. *illinc*, **illince* na toponimia do NO (*Weltoffene Romanistik. Festschrift für Alwin Kuhn zum 60. Geburtstag*, Innsbruck, 1963, 351-355), ós nomes de animais na toponimia hispánica, especialmente port. (*Aufs. zur port. Kulturgeschichte* 6, 1966, 164-202; 7, 1967, 195-209; 16, 1980, 211-216), á fitotoponimia española e portuguesa (en H. Flasche, *Litterae Hispanae et Lusitanae. Zum fünfzigjährigen Bestehen des Ibero-Amerikanischen Forschungsinstitut der Universität Hamburg*, München, 1968, pp. 331-348; e en *Festschrift für Walther von Wartburg zum 80. Geburtstag*, Tübingen, 1968, 175-194), a topónimos peninsulares formados sobre *sol*, *sombra* e nomes de ventos (*Ibero-Romania* 1, 1971, 1-7; en *Estudos*, pp. 71-75), a algúns fragmentos de toponimia galega oriunda de no-

mes latinos de señoríos rurais medievos (*Verba* 2, 1975, 45-58; en *Estudos*, pp. 43-54), as consideracións xerais sobre toponimia e antroponimia galegas (*Verba* 6, 1979, 5-11), sobre *Mumadona* e nomes doutras donas medievais (*Actas do Congreso Histórico de Guimarães e sua Colegiada*, vol. 3, Guimarães, 1981, 329-333; en *Estudos*, pp. 101-104), ós nomes do tipo *Cachada*, *Barbeito*, *Novás*, etc. na toponimia do NO (*Festschrift für Johannes Hubschmid zum 65. Geburtstag*, Bern-München, 1982, 985-992), á antroponimia galega de orixe latina (*Verba* 9, 1982, 125-151), á historia da tradición antroponomástica máis antiga latina no Noroeste galaico (*Verba* 11, 1984, 5-24), ás reminiscencias trobadorescas na toponimia e onomástica galego-portuguesas (*BF* 28, 1983, 1-6 = *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, vol. I), ó ben e ó mal na tradición toponímica (*BF* 30, 1985, 13-15), a algúns topónimos astur-galego-portugueses (*RPF* 19, 1983, 1-31), a nomes esquecidos e nomes actuais na toponimia galego-portuguesa do tipo *Trofa*, *Cabanas*, *Feás*, *Medeiros*, etc. (*ZRPH* 100, 1984, 518-524; en *Estudos*, pp. 77-80), tres esbozos de antroponimia galego-portuguesa (*BF* XXXI, 1986-1987, 185-186), a vestixios toponímicos hispánicos da arte agrimensora romana (*Evphrosyne* N. S. 12, 1982-1983, 233-234) ou os apuntamentos e suxestións etimolóxicas de toponimia mirandesa (*Semiótica e linguística portuguesa e românica. Homenagem a José Gonçalo Herculano de Carvalho*, Tübingen, 1992).

Non esquezamos, por outra banda, as súas observacións a unha inscrición romana de Coimbra (*Humanitas* I, 1947, 130-132), ós nomes da chamada "Divisio Theodemiri" (*Rom. Forsch.* 71, 1959, 160-167), á estrutura interna dos préstamos árabes en portugués (*Beiträge zur Romanistik und Allgemeinen Sprachwissenschaft. Festschrift W. Giese*, Hamburg, 1972, 149-155), ós aspectos da toponimia pre-árabe ó Sur do Texo (*A Cidade de Évora* 59, 1976, 3-9) e ó coñecemento dos mozarabismos toponímicos do S. de Portugal (*Romanica Europaeae et Americana. Festschrift für Harri Meier*, Bonn, 1980, 437-442; en *Estudos*, pp. 37-41), así como a súa atención ós antroponimos máis antigos de Cataluña e á súa relación cos casteláns e portugueses (*VII Congreso Int. de Lingüística Románica. Actas y Memorias*, t. II, Barcelona, 1955, 797-810), á toponimia catalana (*Estudis Romànics* 13, 1963-1968 [1970], 237-244 = *Estudis de lingüística i de filologia catalanes dedicats a la memòria de Pompeu Fabra*) e á orixe do nome Cataluña (*Miscel.lània Aramon i Serra: Estudis de llengua i literatura catalanes oferts a Ramon Aramon i Serra en el seu setantè aniversari*, vol. 2, Barcelona, 1980, 437-445). Tamén escribiu sobre os apelidos do tipo patronímico en *-icil-es* (*BF* 21, 1962-1963 [1965], 167-175).

A estes traballos podemos engadir moitos máis nos que estudia algúns topónimos ou nomes particulares, como *Espiunca* e *Podame* (*Biblos* 15, 1939, 467-471), o nome do bispo *Nausto* e os topónimos galegos *Nouche*, *Nostián* e port. *Nostim* (*Rev. Port. de Hist.* 3, 1947, 558-560), a fregresía de *Mafamude* (*íd.* 5, 1951, 283-286 = *Homenagem a Gama Barros*), *Sobrado* (*Brasília* 7, 1952, 191-199; en *Estudos*, pp. 263-269), *Cotovelo*, *Penaguião* e *Goián*, etc. (*BF* 13, 1952, 143-150), *Mortágua* (*RPF* 10, 1960, 273-277; *BF* 22, 1964-1971, 59-63), *Pecene*, *Pessenim* e *Villapecenil* (*RPF* 11, 1961, 21-24), *Graña* (*Ibérica* 5, 1961, 141-145),

Castromil e outros topónimos en -mil (*Strenae. Estudios de filología e historia dedicados al profesor Manuel García Blanco = Acta Salmanticensia*, t. XVI, Salamanca, 1962, 379-382), *Frómista* e *Odoario* (RPF 12, 1962-1963, 212-216), *Pancorvo* e outros nomes formados con *pandus* (*Namenforschung. Festschrift für Adolf Bach*, Heidelberg, 1965, 264-266), *Compostela* (*Rom. Forsch.* 77, 1965, 121-125; en *Estudos*, pp. 29-32), *Uimara* (*Rev. Guim.* 78, 1968, 77-83; en *Estudos*, pp. 95-99), *Febros* (*íd.* 78, 1968, 327-334; en *Estudos*, pp. 173-177), *Paço* e *Milhafre* (*Miscelânea em honra do Nemésio*, Lisboa, 1971), *Sá, Saa* (*Studia Iberica. Festschrift für Hans Flasche*, München, 1973, 459-465; en *Estudos*, pp. 123-127), *Saa/Sá* e *gasalha* (*Estudos em Homenagem aos Profs. Manuel Paulo Merêa e Guilherme Braga da Cruz*, núm. especial do *Boletim da Faculdade de Direito*, Coimbra, 1983, 3-10), *Forrobodó* (*In memoriam António Jorge Dias*, vol. I, Lisboa, 1974, 379-384; en *Estudos*, pp. 179-183), *Groba*, etc. (*Verba* 1, 1974, 63-67; *ZRPH* 103, 1987, 365-369), *Rosén*, etc. (*Boletín Avriense* 5, 1975, 287-289), *Mánduas* (*Grial* 13, nº 48, 1975, 227-230), *Mouquim* (*Revista de Guimarães* 85, 1975, 91-94), *Conimbriga*, *Condeixa* e *Alcabideque* (*Conimbriga* 16, 1977, 161-165), *Becerreá*, *Bicerreán*, *Bacurín* e *Bacorelle* e a etimoloxía de *becerro* e *bácoro* (*Grial* 16, nº 62, 1978, 411-415; cf. 17, nº 64, 1979, 129-139; este en *Estudos*, pp. 61-70), *Esperauta - Sperautane* (*Grial* 18, nº 69, 1980, 337-338), *Lorvão* (*Biblos* 57, 1981, 167-170 = *Homenagem a M. de Paiva Boléo*; en *Estudos*, pp. 33-35), *Peniche* e *Peñíscola* (*Europäische Mehrsprachigkeit. Festschrift zum 70. Geburtstag von Mario Wandruszka*, Tübingen, 1981, 167-169), *Bergunde*, *Bergondo* e *Bragunde* (*Grial* 21, nº 82, 1983, 493-494), *Barxa*, etc. (*Grial* 23, nº 90, 1985, 471-474), *Servoi*, *Vilán* e *Somoza* (*Grial* 24, nº 91, 1986, 99-101), *Baroncelle*, *Baronzás*, etc. (*Miscellanea di studi in onore di Aurelio Roncaglia a cinquant'anni dalla sua laurea*, vol. 3, Modena, 1989, 1035-1036).

Non remata aquí o seu interese polo galego e polo portugués. Ás veces adicoulle algún traballo especial a algúns sufixos, como ó suf. *-ellus/-ella* no onomástico tardío hispano-latino (*Humanitas* 2, 1948-1949, 241-248), á terminación *-endo (-indo)*, *-enda* na fito-toponimia galego-port. (*BF* 20, 1962, 153-163 = *Actas do IX Congreso Internacional de Linguística Románica*. Vol. III) ou ó suf. *-én* (*Aufs. zur port. Kult.* 14, 1976-1977, 299-302). Amais disto, ocupouse de temas filolóxico-literarios, como o texto da *Demanda do Santo Graal* (*Biblos* 21, 1945, 175-206), a lingua de Gil Vicente (*Biblos* 14, 1938, 39-69; *Aufs. zur port. Kult.* 13, 1974-1975, 150-156), a “cantiga da garvaia” (RPF 2, 1948, 188-200), o texto dunha cantiga de escarnio de Afonso X (*Mélanges offerts à Rita Lejeune*, vol. 1, Gembloux, 1969, 503-510) e a onomástica trobadoresca (*Grial* 14, nº 51, 1976, 74-78; en *Estudos*, pp. 105-109). Digna de lembrar é a súa nota sobre *Mariña “Mejouchi”* (*Grial* 20, nº 76, 1982, 218-220; en *Estudos*, pp. 111-113), que subtitula “nota de etimología frívola”, artigo escrito con moita gracia e desenfado, así como a tese exposta sobre a orixe das cantigas de amigo (en *Discursos leídos el día 28 de enero de 1980, en el solemne acto académico de investidura de los doctores “honoris causa” D. Camilo José Cela, D. Álvaro Cunqueiro, D. Joseph M. Piel*, Universidad de Santiago de Compostela, 1981, 35-39).

A súa curiosidade levouno, por outra banda, a falar dalgúns aspectos da renovación e innovación lexicais no port. do Brasil (RPF 13, 1964-1965, 1-25; en *Estudos*, pp. 245-261 = comunicación presentada ó IV Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros, Bahia, 1959), dos nomes populares do *paspallás* (Rev. de Port. Série A. *Língua Port.* 14, 1949, 58-64) ou sobre a tese de A. Castro da “non hispanidade” dos visigodos (Rom. Forsch. 69, 1957, 409-413). Ó P. Sarmiento prestoulle varias veces a atención, escribindo sobre a súa vida e obra (*Onoma* 6, 1955-1956, 31-34), sobre o centenario do *Onomástico* (RPF 15, 1969-1971, 103-118) e sobre o peixe *reo* (Grial 14, nº 54, 1976, 514-518). A reimpresión do *Glossário luso-asiático*, de Sebastião Rodolfo Dalgado, leva unha introducción del (vol. I, Hamburg, 1982, 5-12).

Nos últimos anos, cando aínda estaba en condicións de traballar a pequena escala, coa colaboración de Ivo Castro e Maria Ana Ramos reuniu 30 destes artigos no volume *Estudos de linguística histórica galego-portuguesa*, Lisboa, 1989, onde recolle, con palabras súas, “uma trintena de artigos, que têm em comum temas linguísticos portugueses e galegos. Trata-se de estudos publicados já há tempos em revistas e miscelâneas dispersas ... Abrangendo várias disciplinas linguísticas cultivadas pelo autor -história do léxico galego-português, problemas de etimologia, antroponímia, gramática histórica, interferências onomásticas do visigótico, etc.- os presentes estudos reflectem vários decênios de estreito convívio intelectual e afectivo com colegas e alunos das Universidades de Coimbra, Lisboa, Santiago de Compostela, Bahia e Brasília, para culminar na de Colónia, de longa tradição científica, e, ultimamente, Trier-Tréveris, de mais profundas raízes” (“Apresentação”, p. 7). Neste libro publica un traballo inédito sobre a arte de usar e crear palabras derivadas en Guimarães Rosa, cun apéndice sobre os sufixos *-ém* e *-ama* (pp. 271-275).

Xunto a todos estes traballos hai que destacar aínda, e con moito, as edicións que fixo de textos medievais portugueses, con notas, introducción e, ás veces, cun pequeno glosario no que recolle as palabras ou acepcións mais salientables. Estas edicións son hoxe xa pezas cobizadas dos bibliófilos pola súa valía e polo feito de estaren esgotadas algunhas delas. Refírome ós libros *Leal Conselheiro o qual fez Dom Eduarte Rey de Portugal e do Algarve e Senhor de Cepta*. Edición crítica e anotada, Lisboa, 1942; *Livro da ensinança de bem cavalgar toda sela que fez el-Rey Dom Eduarte de Portugal e do Algarve e senhor de Ceuta*. Edición crítica, acompañada de notas e dum glossário, Lisboa, 1944 (reedición, Lisboa, 1986) e o *Livro dos Ofícios de Marco Tullio Ciceram, o qual tornou em linguagem o Ifante D. Pedro, duque de Coimbra*. Edición crítica segundo o ms. de Madrid, prefaciada, anotada e acompañada de glossário, Coimbra, 1948. Mesmo nos últimos anos estivo traballando na edición dos *Livros velhos de Linhagens*, en colaboración con José Mattoso (Lisboa, 1980 = *Portvgaliae Monvmenta Historica*. Nova Série, vol. I). Curiosamente, a primeira das edicións críticas feita por Piel foi a última en aparecer. Refírome á *Demanda do Santo Graal*, Lisboa, 1988, obra que se estaba imprimindo en 1934 cando Salazar mandou pecha-la *Imprensa da Universidade de Coimbra* e trasladar tódolos materiais para a *Imprensa Nacional de Lisboa*.

A obra de Piel quedou perdida en Lisboa ata que se descubriron ocasionalmente 432 páxinas impresas a finais dos anos oitenta. Irene Freire Nunes volveu a le-las 46 páxinas que faltaban para remata-la obra e a Imprensa Nacional publicouna coma unha homenaxe máis do ano 1988. En relación coa súa faceta de editor están as súas indicacións de como restaurar e editar criticamente un importante documento do séc. IX con base nunha mala copia do séc. XVIII (*Critique textuelle portugaise. Actes du Colloque Paris, 20-24 Octobre 1981*, Paris, 1986, 15-18).

Lembreiros aínda que, debido ós seus extraordinarios coñecementos sobre a formación de palabras, a Editorial Carl Winter de Heidelberg lle encargou a preparación do 2º volume da *Gramática Histórica Francesa* de Meyer-Lübke, esgotada había tempo, que el enriqueceu e mellorou notablemente (W. Meyer-Lübke, *Historische Grammatik der französischen Sprache. Zweiter Teil: Wortbildungslehre. Zweite, durchgesehene und ergänzte Auflage von Joseph M. Piel, Heidelberg, 1966*). E non debemos esquecer que a Academia das Ciéncias de Lisboa lle encomendou a dirección do *Diccionario*, na parte etimolóxica e na parte da introducción que trata da formación de palabras e das orixes e estruturación histórica do léxico portugués (*Dicionário da Língua Portuguesa. Vol. I, A-azuerve*, Lisboa, 1976; pp. XV-XXII e XXII-XXVIII; en *Estudos*, pp. 9-16).

A todo esto hai que engadir outra faceta de Piel, que foi a súa condición de mestre. Sempre foi unha persoa sinxela, acollidora, que levou constantemente da man ós seus discípulos, preocupándose arreo dos seus traballos. Foron moitos os profesores do ensino secundario que recibiron del a preparación máis especializada para supera-las probas de ingreso nos Institutos. Outros moitos fixeron con el teses de doutoramento, algunhas sobre tema galego, para chegaren despois a profesores universitarios. Entre os seus discípulos, hoxe catedráticos de Universidade, podemos lembrar a W. Mettmann, Wolf-Dieter Lange, Heinz Jürgen Wolf, Hans-Joseph Niederehe e, especialmente, Dieter Kremer, que foi o que máis contacto tivo con el nos últimos anos. Moitos deles e outros amigos e admiradores colaboraron no tomo homenaxe *Philologische Studien für Joseph M. Piel*. Herausgegeben von Wolf-Dieter Lange und Heinz Jürgen Wolf, Heidelberg, 1969, así como na *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85.º aniversário*, editada por Dieter Kremer, Tübingen, 1988, que apareceu na Editorial Max Niemeyer en colaboración co Consello da Cultura Galega e o Instituto de Cultura e Língua Portuguesa. Neste mesmo ano de 1988 o Instituto de Lingüística da Facultade de Letras de Lisboa publicou o libro *Sete ensaios sobre a obra de J. M. Piel*, con traballos do *Seminário de Lingüística Portuguesa Histórica*.

Son moitas as publicacións de Piel e nunha boa parte delas está presente a lingua galega. El deuna a coñecer en Alemaña e fixo que algún dos seus discípulos se preocupase por ela e a estudiase. A el tamén se debe a idea de celebrar un coloquio sobre a nosa lingua, que despois levou á práctica Dieter Kremer coa miña colaboración e que se celebrou en Tréveris en 1980 (*Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris*. Edición preparada por Dieter Kremer e Ramón Lorenzo, Santiago de Compostela, 1982). Polos seus

méritos a prol da nosa lingua a *Real Academia Galega* fíxoo membro de honra e a Universidade de Santiago recompensouno co doutoramento *Honoris Causa* en 1980. No mesmo ano os responsables de revista *Verba* quixemos adicarlle o número 7 “con motivo da concesión do doutorado honoris causa pola Universidade de Santiago ... en homenaxe á súa colaboración no campo da filoloxía galega e ó seu entusiasmo en tantas tarefas comúns con-nosco” (p. 3).